

43

- ○ ○ ○ ○ EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ○ ○ EXPRESIÓN CORPORAL
- ○ ○ ○ ○ CREATIVIDADE
- ○ ○ ○ ○ VOCABULARIO
- ● ○ ○ ○ ESCOITA ACTIVA
- ○ ○ ○ ○ TRABALLO EN GRUPO
- ● ○ ○ ○ DIFICULTADE

10 ou máis participantes
20 minutos

Pilla

Reflexos. Distensión

PARO!

MATERIAIS

Non precisa materiais.

ESPAZO

Espazo abondo para correr e poder escapar de quen panda.

DESCRIPCIÓN

Xogo de pillar no que as persoas que foxen fan “casa” dicindo “paro!” e quedando quietos no lugar en pé coas pernas abertas. Para volver a se mover alguén debe pasar por embaixo das súas pernas. Quen é pillado pasa a ser quen pilla.

VARIANTE

Tamén pode recibir o nome de “Plas”. Neste caso, é a mesma dinámica, só que cando se para para facer “casa” dise “1, 2, 3, plas”, xúntanse as palmas das mans e quédase no mesmo lugar coas pernas abertas.

